

Vasco Rodrigues de Calvelo

Rubrica

Meus amigos, pese-vos do meu mal
e da gram coita que me faz haver
ũa dona que me tem em poder
e por que moir'; e pois m'ela nom val,
morrerei eu, meus amigos, por en,
ca já perdi o dormir e o sem

polo seu bem! E Deus nom mi o quer dar,
senom gram coit'em que sempre vivi,
des que vi ela, que por meu mal vi;
e pois eu tanto viv'a meu pesar,
morrerei eu, meus amigos, por en,
ca já perdi o dormir e o sem

polo seu bem, que desej'e nom hei
senom gram coita que m'ela deu já.
E se mais vivo, mais mal me fará;
e pois eu tanto mia fazenda sei,
morrerei eu, meus amigos, por en,
ca já perdi o dormir e o sem.

E coitad'eu, que muito mal me vem
porque quer'a mui bõa senhor bem!

cantigas-stag.square-bit.com

© 14/05/2026